



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Execución da sentenza e resolucións complementarias ditadas polo TSXG no procedemento ordinario 862/2010 e relacionados respecto a grupos superiores

ANUNCIO

A alcaldía do Concello de Sada, ditou o 30 de setembro de 2022 o Decreto núm. 1514/2022, que a continuación se transcribe:

“Considerando que polo Decreto da Alcaldía núm.693/2022, do 20 de maio (BOP núm.96, 23-5-2022) corrixido polos Decretos núm.724/2022, do 26 de maio e núm.732/2022, do 27 de maio (BOP núm.103, 1-6-2022) resolveuse:

1.- Iniciar expediente de execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9-3-2016 (procedemento ordinario núm. 862/2010) e Autos de 16-5-2016 e aclaratorio de 14-6-2016 no referido ás prazas que se indican a continuación, relacionadas coas bases específicas das convocatorias para a provisión de vacantes da oferta de emprego público do Concello de Sada para 2005 aprobadas polo Decreto núm.18/2006, do 10 de xaneiro (BOP 21-1-2006) e Decreto 184/2006, do 20 de febreiro, de corrección de erros.

2. Modificar as bases específicas dos seguintes procesos selectivos en orde a substituír a parte anulada polo TSXG dos apartados a), b) e c) do baremo de méritos.

3. Retrotraer os procesos selectivos ao momento da valoración de méritos co único obxecto de que o tribunal proceda a rebaremar a documentación alegada como méritos por servizos prestados das persoas aspirantes e realizar as previsións da base 8ª e concordantes das bases xerais das probas para a selección do persoal que convoque o Concello de Sada publicadas no BOP núm.17, do 21-1-2006 e corrección publicada no BOP núm.59, do 13-3-2006. Procesos entre os que estaban os relativo a:

- unha praza de Técnico de Administración Xeral (grupo A subgrupo A1)
- unha praza de Arquitecto Técnico (grupo A subgrupo A2)
- unha praza de Técnico de Protección Civil (grupo II do Convenio Colectivo)
- unha praza de de Coordinador Centro de Formación Ocupacional (grupo II do Convenio Colectivo)

4. Para desenvolver a fase de méritos e actos relacionados, de todos os procesos selectivos afectados, agás os de Técnico de Administración Xeral, Arquitecto Técnico, Técnico de Protección Civil e Coordinador Centro de Formación Ocupacional que se determinará noutra resolución, nomeouse a un tribunal cualificador e convocóuselle.

Considerando o número de empregados de grupo A de clasificación de persoal funcionario e grupos I e II de persoal laboral do Convenio Colectivo que dispón o Concello de Sada, e unha vez realizadas diferentes solicitudes de colaboración a outras Administración.

En virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

1. Nomear en execución de sentenza un único tribunal cualificador para desenvolver a rebaremación da documentación alegada como méritos por servizos prestados das persoas aspirantes e actos relacionados, dos proceso selectivos para a provisión en propiedade das prazas de OEP 2005 de: Técnico de Administración Xeral (TAX), Arquitecto Técnico, Técnico de Protección Civil e unha Coordinador Centro de Formación Ocupacional, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente: María Begoña López García, apoio técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña.

Suplente: Gloria María Díaz Crespo, xefa de departamento de calidade do Concello da Coruña.

Secretaria: Carmen del Río Rodríguez, técnico de administración xeral do Concello de Carballo.

Suplente: María Jesús Ramos Esperante, técnica-tesoureira do Concello de Sada.

Vogais:

Titular: Virginia Pérez Tores, técnico de administración xeral do Concello de Arteixo.

Suplente: Beatriz Esmorís Pérez, técnico de coordinación e planificación do Concello de Arteixo.

Titular: Luis Alberto Álvarez Freijido, xefe de sección de Patrimonio da Deputación da Coruña.

Suplente: Miguel Barral González, técnico financeiro-tributario - xurista da Deputación da Coruña.

Titular: Daniel Pereiro Cachaza, asesor xurídico do Concello de Betanzos.

Suplente: Andrés Varela Parafita, arquitecto do Concello de Sada.

2º.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día 6 de outubro de 2022, ás 10.00h no Edificio municipal de uso administrativo do Concello de Sada situado na Avda.da Mariña,25, as rebaremacións terán lugar acto seguido comen-zando polo proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de TAX Se o tribunal precisase de mais sesión para desenvolver o procesos publicará un calendario de previsión de actuación no resto de procesos que no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia cunha antelación de 72 horas ás seguintes sesións.

3º. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, notificala aos empregados municipais interesados e ao tribunal cualificador.

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 30 de setembro de 2022

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2022/6129